



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 09 DE FEBREIRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00006325M.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00053679M.

Acordar a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) Pos+2023 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) Pos+2023 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade.

SEGUNDO.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais polo importe de CENTO VINTECATRO MIL OITOCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (**124.847,93.-€**) para o financiamento das seguintes prestacións:

a) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social polo importe de 1.733,54€.

b) Ampliación do servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa cun importe de 23.114,39€€, para a contratación dun grao/diplomado en terapia ocupacional, cun custo de 23.114,39€€.

c) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar, por un importe total de 100.000,00€ para o mantemento do Servizo Municipal de atención a emerxencias sociais (SEMUS Social), a través do establecemento dun Convenio coa Cruz Vermella por un importe de 100.000€, entendendo "emerxencia social", como aquela situación favorecedora de estados de vulnerabilidade e desprotección nas persoas que a sofren, que precisa dunha resposta inmediata para paliar, na medida do posible, os efectos dunha situación imprevista e sobrevida, proporcionando respostas sociais que eviten o desenvolvemento de estados de desprotección. Estas situacións acontecen con frecuencia cando os servizos sociais municipais non están operativos (noites, fins de semana), mais cómpre realizar unha intervención con urxencia. E tamén dentro destas situacións de emerxencia social se contempla a atención a persoas sen fogar, o que implica o reforzo da atención de rúa que se presta, cunha ampliación das rutas nocturnas que permitan acceder aos lugares da cidade onde se poidan detectar persoas sen teito. Búscase avaliar e facer un seguimento da súa situación.